DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 77 Venres, 21 de abril de 2017 Páx. 18900

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*ANUNCIO do 12 de abril de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-308, treito O Covelo-Raxó (punto quilométrico 8+190 a 11+890), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado (clave PO/16/102.06).*

Antecedentes:

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente, e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados co fomento desta mobilidade alternativa son, entre outros, o emprego de modos de transporte non motorizados, a mellora da mobilidade, da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 7 de marzo de 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Fomento da mobilidade sustentable: sendas peonís e ciclistas na Comarca do Salnés e concellos limítrofes, onde unha das sendas propostas é un itinerario peonil e ciclista na PO-308, que agora se está a desenvolver mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na PO-308, treito O Covelo-Raxó (p.q. 8+190 a 11+890), de clave PO/16/102.06.

A estrada PO-308 pertence á rede primaria complementaria, configura a conexión da costa entre O Grove, Sanxenxo e Pontevedra e soporta un importante tránsito de vehículos pola súa proximidade co núcleo urbano de Pontevedra e por ser unhas das principais zonas turísticas de Galicia.

Deste xeito, a senda configurarase nas zonas urbanas mediante a execución de beirarrúas en ambas as dúas marxes en formigón con cor natural e nas zonas rústicas executarase unha senda peonil-ciclista mixta, en solo de cemento.

CVE-DOG: iuqxkry3-vkw8-k0w6-pve7-z0htewyk0fy2

As obras previstas comprenden tamén as seguintes actuacións complementarias á execución da senda, e que son necesarias para garantir a súa funcionalidade:

– Habilitaranse zonas de aparcadoiro mediante o ensanche e mellora da actual plataforma.

– Reposición do sistema de drenaxe mediante a introdución de novas cunetas de tipo revestido e rede de sumidoiros.

– Reporase e mellorarase o iluminación pública, a sinalización horizontal e vertical e renovaranse as defensas e as varandas.

– Reporanse os servizos afectados pola execución das obras: postes de electricidade e telefonía e os elementos de mobiliario urbano existente.

– Incorporación de dúas pasarelas peonís/ciclistas, para salvar as descontinuidades existentes no itinerario proxectado.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se somete a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (r/ Fernández Ladreda, 43, 1º, 4º, 36071 Ponteve-

CVE-DOG: iuqxkry3-vkw8-k0w6-pve7-z0htewyk0fy2

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

dra) e na Casa do Concello de Poio (praza do Mosteiro, núm. 1, Convento San Xoán, 36995 Poio, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), está á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**
**Proxecto de construción: itinerario peonil e ciclista na PO-308, treito O Covelo-Raxó (p.q. 8+190 a 11+890), clave PO/16/102.06**

| Núm. parcela | Ref. catastral | Titular | Sup. a expropiar | Sup. ocupación temporal | Tipo de solo | Cerramento afectado | Outros elementos afectados | MI | Repos. portal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2565002NG2926N | Lafuente González, José Manuel (herdeiros de) | 121,49 | 67,07 | SU | | | | |
| 2 | 2264008NG2926S | En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003 | 72,28 | 82,69 | SU | | | | |
| 3 | 1962417NG2916S | Balboa Esperón, Erundina | 2,86 | 8,92 | SNR | | | | |
| 4 | 1962436NG2916S | Ansín Lores, Francisca | 3,92 | 9,70 | SNR | | | | |
| 5 | 1962435NG2916S | Lores Meis, María | 2,63 | 6,36 | SNR | | | | |
| 6 | 1962434NG2916S | Vallejo Míguez, Rosa | 2,94 | 6,94 | SNR | | | | |
| 7 | 1962433NG2916S | Rodino Gómez, Juan | 2,97 | 6,84 | SNR | | | | |
| 8 | 1962432NG2916S | Lores Lores, Teresa | 3,12 | 7,04 | SNR | | | | |
| 9 | 1962431NG2916S | González S-S, Carmen | 7,10 | 15,39 | SNR | | | | |
| 10 | 1962429NG2916S | En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003 | 3,66 | 7,53 | SNR | | | | |
| 11 | 1962428NG2916S | Lores Besada, Vicente | 2,87 | 5,54 | SNR | | | | |

CVE-DOG: iuqxkry3-vkw8-k0w6-pve7-z0htewyk0fy2


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Núm. parcela | Ref. catastral | Titular | Sup. a expropiar | Sup. ocupación temporal | Tipo de solo | Cerramento afectado | Outros elementos afectados | MI | Repos. portal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | 1962427NG2916S | Díaz Soto, Mercedes (16,66 % usufruto) | 3,86 | 6,94 | SNR | | | | |
| | | Díaz Soto, Mercedes (50 % propiedade) | | | | | | | |
| | | Vallejo Díaz, Isabel (11,11% propiedade) | | | | | | | |
| | | Vallejo Díaz, Monserrat Elvira (11,11 % propiedade) | | | | | | | |
| | | Vallejo Díaz, Ramón (11,11 % propiedade) | | | | | | | |
| | | Vallejo Díaz, Isabel (5,56 % de nuda propiedade) | | | | | | | |
| | | Vallejo Díaz, Monserrat Elvira (5,55 % de nuda propiedade) | | | | | | | |
| | | Vallejo Díaz, Ramón (5,55 % de nuda propiedade) | | | | | | | |
| 13 | 1962426NG2916S | Besada Lores, Manuel | 3,50 | 5,86 | SNR | | | | |
| 14 | 1962425NG2916S | Vallejo Carballa, Constantino (herdeiros de) | 3,90 | 6,14 | SNR | | | | |
| 15 | 1962424NG2916S | Fuentes Vallejo, Carlos | 4,40 | 6,54 | SNR | | | | |
| 16 | 1962423NG2916S | Portela Dopeso, Manuel (50 %) | 45,83 | 73,23 | SNR | Muro de pedra | | | |
| | | Muíños Díaz, Carmen (50 %) | | | | | | | |
| 17 | 1962422NG2916S | Portela Dopeso, Manuel (50 %) | 22,42 | 51,34 | SNR | Muro de pedra | | | Si |
| | | Muíños Díaz, Carmen (50 %) | | | | | | | |
| 18 | 1862101NG2916S | Concello de Poio | 10,16 | 25,64 | SNR | Muro de pedra | | | |
| 19 | 1862102NG2916S | Otero Santiago, Luis (50 %) | 20,91 | 75,20 | SNR | Muro de pedra | | | |
| | | Domínguez Barreiro, Dolores (50 %) | | | | | | | |


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Núm. parcela | Ref. catastral | Titular | Sup. a expropiar | Sup. ocupación temporal | Tipo de solo | Cerramento afectado | Outros elementos afectados | MI | Repos. portal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 20 | 1862103NG2916S | Barreiro Otero, Peregrina (87,4 %) | 4,00 | 24,02 | SNR | | | | |
| | | Gómez Doeste, José (12,6 %) | | | | | | | |
| 21 | 36041A00800429 | Esperón Barreiro, Erundina (herdeiros de) | 27,79 | 44,13 | SR | | | | |
| 22 | 36041A00800480 | Martínez Rodríguez, José Luis | 8,96 | 14,47 | SR | Muro de pedra | | | Si |
| 23 | 36041A00800485 | Besada Sanmartín, José Luis | 21,25 | 23,03 | SR | Muro de pedra | Enreixado metálico | 8,00 | |
| 24 | 36041A00800487 | Maquieira García, Juan | 8,17 | 7,29 | SR | | | | |
| 25 | 36041A00800488 | Treinta Esperón, Elvira | 7,98 | 7,21 | SR | | | | |
| 26 | 36041A00800489 | Meis Esperón, Manuel | 41,66 | 37,16 | SR | | | | |
| 27 | 36041A00800490 | Díaz Lores, Dolores | 42,46 | 23,07 | SR | | | | |
| 28 | 36041A00800491 | Meis Esperón, Manuel | 6,20 | 21,04 | SNR | | | | |
| 29 | 36041A00800492 | Meis Esperón, Manuel | 0,63 | 1,64 | SNR | | | | |
| 30 | 1661801NG2916S | Caldas Martínez, Albino (50 %) | 7,17 | 10,85 | SNR | | | | |
| | | Lima Fernández, Ana María (50 %) | | | | | | | |
| 31 | 1661802NG2916S | Anes Díaz, Dionisio | 77,70 | 117,49 | SNR | Muro de pedra | | | Si |
| 32 | 36041A00800511 | Uhía Castro, Ignacio | 0,00 | 3,34 | | | | | |
| 33 | 36041A00800514 | Uhía Castro, Ignacio | 0,94 | 5,83 | SRPC | | | | |
| 34 | 36041A00800510 | Barreiro Doeste, Carmen (herdeiros de) | 28,85 | 12,38 | SRPC | | | | |
| 35 | 36041A00800515 | Barreiro Doeste, Carmen (herdeiros de) | 22,04 | 16,15 | SRPC | | | | |
| 36 | 36041A00800516 | Meis Nieto, Inocente | 6,06 | 0,00 | SRPC | | | | |


XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Núm. parcela | Ref. catastral | Titular | Sup. a expropiar | Sup. ocupación temporal | Tipo de solo | Cerramento afectado | Outros elementos afectados | MI | Repos. portal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 37 | 36041A00800517 | Lores Balboa, Repoldina | 26,70 | 4,04 | SRPC | | | | |
| 38 | 36041A00800554 | Esperón Romay, Berisimo | 37,35 | 16,60 | SRPC | | | | |
| 39 | 36041A00800553 | Pérez Lores, Juan Carlos | 23,81 | 11,96 | SRPC | | | | |
| 40 | 36041A00800550 | Lores Balboa, Repoldina | 31,33 | 15,47 | SRPC | | | | |
| 41 | 36041A00800551 | Lores Balboa, Repoldina | 12,64 | 19,47 | SRPC | | | | |
| 42 | 36041A00800552 | Lores Balboa, Repoldina | 36,15 | 6,47 | SRPC | | | | |
| 43 | 36041A00800547 | Gómez Rosales Cándida | 30,48 | 17,68 | SRPC | | | | |
| 44 | 36041A00800536 | González Fernández José Fernando Rogelio | 34,60 | 47,52 | SRPC | Postes pedra | Malla simple | 15,00 | Si |
| 45 | 36041A00700001 | Vallejo Míguez, Ramón | 46,40 | 90,74 | SRPC | Muro de pedra | Enreixado metálico | 50,00 | Si |
| 46 | 36041A00700042 | Ministerio de Obras Públicas Transportes y Medio Ambiente | 15,41 | 47,25 | SRPC | | | | |
| 47 | 36041A00700058 | Gómez Agis, José | 13,31 | 14,63 | SRPC | Postes pedra | Malla simple | 7,30 | |
| 48 | 36041A00601305 | Burgos Besada, Marina | 13,90 | 14,00 | SRPC | | | | |
| 49 | 36041A00601306 | Burgos Álvarez, Ramón | 10,40 | 9,58 | SRPC | | | | |
| 50 | 36041A00601307 | Burgos Besada, Marina | 9,02 | 7,96 | SRPC | | | | |
| 51 | 0952505NG2905S | Denis Novoa, Juan Antonio | 77,32 | 47,80 | SU | | | | |
| 52 | 0850010NG2905S | Burgos Besada, Ramón (50 %) | 0,75 | 14,80 | SU | | | | |
| | | Agis Balboa, Amalia (50 %) | | | | | | | |
| 53 | 0850011NG2905S | Burgos Besada, Ramón | 12,86 | 73,25 | SU | | | | |
| 54 | 0548604NG2904N | Gómez Ruano, Saleta María | 43,64 | 49,24 | SU | Bloques formigón | Enreixado metálico | 10,00 | Si |


XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Núm. parcela | Ref. catastral | Titular | Sup. a expropiar | Sup. ocupación temporal | Tipo de solo | Cerramento afectado | Outros elementos afectados | Ml | Repos. portal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 55 | 0548603NG2904N | Echevarría Novoa, Marina | 34,07 | 31,92 | SU | Postes pedra. Postes formigón | Enreixado metálico | 9,50 | Si |
| 56 | 0450016NG2905S | Promonova Inversiones Inmobiliarias, S.L. | 44,72 | 186,11 | SU | | | | |
| 57 | 0149001NG2904N | En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003 | 3,56 | 21,93 | SU | | | | |

SU: solo urbano.
SR: solo rústico.
SNR: solo núcleo rural.
SRPC: solo rústico protección de costas.